

A Ribeira Sacra avanza como Patrimonio da Humanidade

Páxina II



Ourense inicia o control e as sancións no Centro Histórico

Páxina V



Visitas guiadas no Museo Arabe

Páxina VIII



Aposta pola calidade alimentaria nas Neves

Páxina VIII



Memoria Democrática exhumará fosa en Salvaterra

Páxina IX



Tui dignifica a 137 represaliados pola ditadura

Páxina XI



Sober prepara a XLVI Feira do Viño de Amandi

Páxina IV

O río Miño presenta candidatura ante a UNESCO

Páxina XII



Produtos selectos galegos e nacionais.
Para particulares, hostalería e tendas.
Entregamos a domicilio
en toda a península.

648 496 756. 988 680 781
info@galiciagourmet.net
Rúa da Paz, 1. OURENSE



OURENSE

A resolución para declarar Patrimonio da Humanidade á Ribeira Sacra será en xullo

A Deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, participou este xoves na xuntanza para facer seguimento do proceso para que a Ribeira Sacra sexa declarada Patrimonio da Humanidade. O encontro de traballo, que tivo lugar na adega Regina Viarum de Sober, serviu para dar a coñecer as últimas xestións levadas a cabo á espera da resolución definitiva prevista para o mes de xuño.

Celebrouse en Doade (Sober) unha xuntanza para facer seguimento do proceso para que a Ribeira Sacra sexa declarada Patrimonio da Humanidade. Na reunión expuxéronse as últimas xestións administrativas realizadas antes de que o Consello Internacional de Monumentos e Sítios, o ICOMOS, emitise o seu informe de avaliación. Explicaron que se abre unha fase de exposición "máis política" para dar a coñecer o proxecto entre os 21 países integrantes do Comité da UNESCO. Está previsto que a resolución das candidaturas a Patrimonio Mundial teña lugar en Busán, República de Corea, entre o 19 e o



Xuntanza na Adegas Regina Viarum de Doade (Sober).

29 de xullo.

Pilar García Porto, deputada de Promoción do Territorio e Turismo da Deputación de Lugo, puxo en valor a implicación total da institución provincial nas diferentes etapas para a consecución desta distinción internacional, que impulsou a propia entidade no 2011 e baixo a presidencia de José Ramón Gómez Besteiro liderando unha campaña de mobilización institucional e social coa que recolleu máis de 40.000 firmas.

Sinalou que a Deputación está

facendo un seguimento minucioso de todo proceso e apoiará ata o final as xestións levadas a cabo para conseguila. Na xuntanza participaron tamén o conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, Xosé López Campos, a subdelegada da Xunta de Galicia en Lugo, Olimpia López, un representante da Deputación de Ourense, o presidente da Confederación Hidrográfica Miño-Sil, José Antonio Quiroga, alcaldes e representantes de entidades desta comarca que conforman as provincias de Lugo e Ourense.

Vilar de Santos quere un aparcadoiro para autocaravanas



Xosé Merelles e Marcos Nogueiras.

Xosé Merelles, director de Turismo de Galicia, mantivo un encontro co alcalde de Vilar de Santos, Marcos Nogueiras, con quen repasou distintos proxectos de proxección turística deste municipio ourensán e a zona da Limia.

O alcalde informouno da intención do goberno local de dotar este municipio dunha zona de aparcamento para autocaravanas no antigo campo de fútbol

municipal co fin de potenciar este tipo de oferta turística.

Abordaron outros atractivos deste concello como o sendeirismo, o pulo das rutas BTT e tamén a riqueza da oferta gastronómica local. Destacaron as propostas de turismo cultural vinculadas ao Museo Etnográfico da Limia e as distintas posibilidades derivadas do comercio artesanal da vila.

Máis información na nosa web
www.novasdоеixoatlantico.com



TABERNA A LAREIRA

Churrasco. Parrillada. Polbo.
Tño 617 64 93 88.

Rúa Velázquez, 9 soto. O Couto. Ourense.

BAR FUENTEFRÍA

Callos
Empanadas
Afumados
Carnes
Queixos
Ensaladas
Clásicos

Rúa Viriato, 6 Casco Vello OURENSE

NOVO ENTRIMO

Estrella Galicia CAFE BAR NOVO ENTRIMO

NOVO ENTRIMO

Luns: costela guisada
 Mércores: carne arraxada
 Xoves: mollejas Venres: rils
 Sábado: callos Domingo: polbo

Berenxenas rebozadas, xoubas, tortilla española
 Paella de marisco por encargo e para levar

698 152 840 - 641 460 838
 Rúa Velázquez - O Couto - Ourense



A Deputación habilitará parte da finca Mariñamansa como aparcadoiro

A Deputación iniciará os trámites para habilitar unha parte da Finca Mariñamansa como aparcamento disuasorio e para paliar a redución de prazas que se producirá como consecuencia da instalación de ramplas mecánicas na rúa Vasco Díaz Tanco.

Así o avanzou o presidente da Deputación, Luís Menor, logo da reunión que mantivo no Pazo Provincial coa directiva da Asociación Veciñal da Cuña e veciñanza do barrio, encontro no que tamén estivo presente o deputado provincial e concelleiro, Jorge Pumar.

Durante a reunión, os representantes veciñais explicaron os problemas de estacionamento que van xurdir unha vez que se execute o proxecto de mobilidade vertical que, aínda que necesario, vai reducir o número de prazas de apar-



Directivos da asociación veciñal na Deputación de Ourense.

camento. O barrio, advirten os veciños, xa está moi saturado de vehículos tendo en conta a proximidade do complexo hospitalario. Ademais, explicaron, haberá baixos que quedarán sen acceso.

Ante esta situación, Luís Menor comprometeuse a dirixir un escrito á xunta de compensación da Finca Mariñamansa para que se poda utilizar unha parte deste terreo como aparcamento disuasorio. As

obras de mellora nos barrios sempre son benvidas, dixo o presidente provincial, pero compre evitar que se xeren outros problemas.

Neste sentido, os representantes da asociación tamén expuxeron a necesidade de recuperar un vello proxecto para facilitar o estacionamento da cidadanía, como é a construción na avenida da Universidade dun aparcamento soterrado.

A Cuña terá cinco ramplas mecánicas na rúa Vasco Díaz Tanco

A xunta de goberno do Concello de Ourense aprobou, en outubro de 2025, o expediente para contratar as obras do proxecto de humanización e mobilidade vertical na rúa Vasco Díaz Tanco, no barrio da Cuña, cun orzamento de licitación de 5.114.185,52 euros.

A actuación prevé a instalación de cinco ramplas mecánicas que salvarán a forte pendente existente nesta rúa, desde a súa parte inferior, na confluencia coa avenida de Zamora, até a zona máis alta, despois do centro de saúde de A Cuña-Mariñaman-



Rúa Vasco Díaz Tanco.

sa. O Concello aínda non informou da data de inicio destas obras.

Cen anos do colexio Santo Ángel



O Auditorio municipal acolleu o acto conmemorativo polo 100 aniversario do colexio Santo Ángel, no que, baixo o lema, Vuelo 100,

púxose en valor o compromiso deste centro educativo co ensino, baseado no esforzo colectivo e na dedicación de toda a comunidade educativa.

Turismo reforza a seguridade do Camiño de Inverno

O director de Turismo de Galicia, Xosé Merelles, e o director de administración e relación coas asociacións do Amigos do Camiño de Santiago, Ildefonso de la Campa,

inaugurou en Vilamartín de Valdeorras a nova senda do Camiño de Inverno que discorre ao longo de 1,3 kms mellorando a seguridade dos peregrinos cunha pasarela que os afasta da vía do tren

e tamén da Estrada local. Turismo de Galicia investiu nesta actuación 190.000 euros.

O Camiño de Inverno foi percorrido en 2025 por case 3.000 persoas, o 34% internacionais.

Sabor Ourenzano
Menú Semanal
 Te lo llevamos a casa!
 COMIDA • BEBIDA • POSTRE
 REFRESCO, AGUA O CERVEZA
15,00€
 de 13:00h a 16:00h
 Delivery gratis
 602607096
www.saborourensano.es

O Capricho
 CASCO HISTÓRICO OURENSE
 Rúa Lepanto, 17 - bajo - OURENSE
 Tfno. 988 981 601

acouBAR
 Comida tradicional galega
 Especialidade: Cachopo.
 Rúa Fornos, 6. Tno. 689 63 14 16 OURENSE

ADEGA VELLA 3ª GENERACIÓN
 Eirexa, 14 Abeleda (A Teixeira)
 Tfnos 606807897 - 660047602
 info@adegavella.com

OURENSE

Sober celebra a XLVI Feira do Viño de Amandi do 27 ao 29 de marzo

O Concello de Sober presentou o cartaz gañador do “Concurso de cartais da XLVI Feira do Viño de Amandi”, titulada “Amandi. Un viño de cine” da autoría da deseñadora de Begonte Marta Luísa Silvarrey.

Luís Fernández Guitián, alcalde de Sober, concelleiros e algúns adegueiros asistiron ao acto no miradoiro do Xabrega. A feira será os días 27, 28 e 29 de marzo. O concello convidado de honra é o de Ribas de Sil. Na cita participarán 22 adegas da denominación de orixe Ribeira Sacra.

A programación de actividades é a seguinte:

Venres 27, ás 19.30 horas: Inauguración a cargo da Adegas Petró, de Doade, en lembranza de Epifanio Campo. Ás 21:30 horas, actuación de Festicultores Troupe. Ás 23:30, actuación de Momolius Dop.

Sábado 28, ás 11:00 horas, apertura de stands. Ás 11:30 horas, actuación dun



Presentación do cartaz no miradoiro do Xabrega.

grupo de música tradicional, a través do programa Tradigalu da Vicepresidencia da

Deputación de Lugo. Ás 12:30 horas, actuación da Banda de Música de Sober. Ás

17:00 horas, comezo da precata oficial. Ás 18:30 horas, actuación da Charanga Bardiños Band. Ás 20:00 horas, actuación de Louband. Ás 22:00 horas, actuación de orquestra Bravú Xangai. As 23:30, actuación de Gin Toni's.

Domingo 29, ás 10:45 horas, actuación da charanga NBA. Ás 11:00 horas, pasarías coa Banda de Música de Sober. Ás 11:30 horas, comezo da cata final oficial. Ás 11:30 horas, misa solemne coa Bendición de Ramos, na Igrexa de Sober. As 12:00 horas, animación cunha selección de tunas de Madrid. Ás 12:30 horas, recepción de autoridades na Casa do Concello. Ás 13:00 horas, pregón a cargo do chef Estrella Michelin Rafe Centeno do Restaurante Vértigo. Ás 13:30 horas, entrega de premios. Ás 17:30 horas, actuación da charanga NBA. Ás 19:30 horas, baile coa orquestra Tania Veiras e Os Cumbia Pop.

Viño de Amandi co Grelo e Lacón de Galicia

O denominado “Mes de Amandi” incluíra concertos, presentacións de libros, probas deportivas, catas, maridaxes e xornadas técnicas. Para o mércores día 11, ás 12:00 horas está previsto o Irmanamento coa Festa da Filloa de Muimenta na Escola de Hostalería de Rosende. Venres 13, ás 17:30 horas os participantes nas “Merendas con contos” visitarán viñedos de viticultores do Amandi. Ás 19:00 horas no Centro Sociocultural presentación do libro “Árbores senlleiras do arciprestazgo de Amandi. Concello de Sober” de Uxía Garcés Ojea, Antonio Rigueiro Rodríguez, Gaspar Bernárdez Villegas e Rosa Mosquera Losada. Edita: GDR Ribeira Sacra –Courel.

Maridaxe

Domingo 15, ás 19:00 horas no Centro Sociocultural cine-concerto, “O héroe do río” de Buster Keaton coa música en directo de Caspervek. Organiza. Sociedade Filarmónica de Monforte. Martes 17, ás 18:00 horas na Biblioteca Pública Municipal. Presentación do libro “Queda moito por schar. A literatura galega nunha caixa de zapatos” de Xosé Manuel Del Caño. Organiza: Editorial Embora e Club de lectura Pintor de Castinandi. Xoves 18, de 12:30 a 14:30 horas na Escola de Hostalería de Rosende xornada de maridaxe: Viño de Amandi con produtos de IXP Grelo de Galicia e IXP Lacón de Galicia. Colaboran: Fundación Belarmino Fernández e AGACAL. Sábado 21, pola


mañá: andaina circular polas parroquias de Proendos, Millán e Rosende. Ás 19:30 horas na Casa Museo Genia Trigo de Gundivós, concertó de guitarra a cargo de Gonzalo Peñalosa. Organiza: Xuventudes Musicais de Sober.

Xornadas técnicas

Martes 24, ás 18:00 horas na biblioteca pública municipal, presentación do libro “Contigo muere tu secreto” de Fernando Hernández. De 10:00 a 14:00 horas no Centro Sociocultural de Sober “V concurso de catas por parellas”. Organiza: Fundación Belarmino Fernández. Mércores 25, ás 19:00 horas no Centro Sociocultural, xornada técnica e cata “Variedades resistentes a enfermidades: un futuro prometedor para o viñado”. Coordina: Instituto Tecnológico Agrario de Castilla y León e o enxeñeiro Alfonso Losada. Xoves 26, ás 18:30 horas no Centro Sociocultural, xornada técnica e cata “No/Low, high level: viños sen alcol que xa non son un plan B”. Coordina: BevZero e o enxeñeiro Alfonso Losada.

Do 13 ao 15 de marzo na Casa Grande de Rosende realizarase o taller de campo: “Paisaje y horizonte, claves de la edición fotográfica” con José Guerreiro. Servizos Sociais de Sober organiza varias actividades para conmemorar o 8-M.

Do 20 de marzo ao 30 de abril no Centro Sociocultural estarán expostos os cartais presentados o concurso de cartais deste ano.



O Concello inicia o control e as sancións no Centro Histórico

O 3 de marzo entrou en funcionamento o novo sistema de videovixilancia e control de accesos ao Centro Histórico da cidade. Tras a instalación das 17 cámaras de lectura de matrículas, o dispositivo comezará a operar de forma efectiva para regular o tráfico e garantir a seguridade peonil na zona monumental.

Os vehículos que accedan á zona restrinxida sen a debida autorización serán detectados e sancionados automaticamente. O obxectivo é preservar a contorna



histórica, reducir o fluxo de vehículos non autorizados e mellorar a mobilidade dos residentes e peóns. O sistema utiliza cámaras de alta definición que contrastan as matrículas en tempo real coa

base de datos de vehículos autorizados.

O Concello de Ourense lembra aos veciños, comerciantes e usuarios con necesidades especiais que deben contar coa súa autorización en vigor para evitar multas. Aqueles que aínda non regularizasen a súa situación poden realizar os trámites correspondentes a través das canles municipais habituais. Con esta medida, o Concello reafirma o seu compromiso coa modernización da xestión do tráfico e a protección do patrimonio histórico de Ourense.

Moreiras, en Toén, terá mellores accesos



Esta obra pertence ao Plan Urbe.

Encarnación Rivas, directora xeral de Urbanismo, xunto con Manuel Pardo, delegado da xunta en Ourense e Ricardo González, alcalde de Toén, supervisaron o estado das obras para completar a humanización e mellora da accesibilidade do núcleo de Moreiras. Trátrase dun acordo de cooperación suscrito entre a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e o ente municipal, que contou cun investimento de preto de 355.000 euros, dos que o 70% foi unha achega do Goberno galego.

O delegado territorial explicou que a través desta intervención

crearase un conxunto de espazos de lecer, incluíndo un auditorio ao aire libre, con escenario e bancos; a creación dunha zona de pérgolas con mobiliario para invitar ao descanso; un área de xogos infantís e outra onde se instalarán aparatos biosaudables (calistenia) e unha pista multideportiva. Ademais, dotarase a zona de alumeadado e rede de pluviais e completarase con mobiliario urbano. Estes traballos completarán outras actuacións tamén financiadas co apoio da Xunta, e que permitiron urbanizar unha praza e mellorar a accesibilidade do núcleo de Moreiras.

Colaboración institucional para loitar contra os incendios forestais

María José Gómez, conselleira do Medio Rural, xunto co delegado territorial da Xunta en Ourense, Manuel Pardo, mantivo cadansúa xuntanza cos alcaldes da Mancomunidade de Concellos Santa Águeda (Amoeiro, Coles, A Peroxa e Vilamarín) e cos rexedores municipais da comarca da Baixa Limia (Entrimo, Bande, Lobios, Lobeira e Muíños).

En ambas reunións, avaliáronse

diferentes posibles vías de cooperación futura relacionadas coa prevención e defensa fronte ao lume. Neste sentido, cabe recordar que Medio Rural e a Deputación veñen apoiando xa a catro mancomunidades, as do Ribeiro, Terras de Celanova, Comarca do Carballiño e Comarca de Verín, con esta finalidade, ao abeiro dun protocolo que, entre outras actuacións, propiciou a entrega recentemente a estas entidades dunha ducia de

tractores con rozadoira para labores de prevención e extinción.

Ademais de entregar estes tractores, creáronse 16 brigadas que traballaron durante seis meses, entre abril e outubro, nestas catro mancomunidades, ás que tamén se lles outorgou cadansúa máquina hidrostática polivalente. A maiores, ofreceuse formación para o persoal das brigadas no Centro de Loita contra o Lume de Toén, dependente de Medio Rural.

Tapas revoltos montados

ALPENDRE PULPO

Rúa Fornos, 2. Casco Vello. Ourense

Especialidade en comidas caseiras

988 25 28 78. Rúa do Páxar, 8 - Ourense

a barbería

Ambiente acolledor para comidas e ceas de amigos

Rúa Fornos, 2. Casco Vello. 988 54 16 44. OURENSE

D'AURIA

Desayunos Comida latina

Rúa San Pedro, 16 Casco Vello. Ourense Tfno. 643 59 84 61

BAR FUSSION

OPINIÓN

Cadernos da viaxe

Por Xoán Antón Pérez-Lema

O fracaso de ALTRI ou o esgotamento dun modelo

A caducidade do expediente de Altri en Palas de Rei e o vindeiro- xa anunciado pola Xunta- rexeitamento da autorización ambiental integrada (AAI) non son simples accidentes administrativos, senón a crónica dunha morte anunciada. O proxecto "Gama", acabou morrendo por mor dunha tripla carencia: musculatura financeira, solvencia técnica e, sobre todo, lexitimidade social. Estamos diante do colapso dunha forma de entender a política industrial que, moi probablemente para beneficio dunha curta elite, sacrifica sen condicións o territorio e maila capacidade deste país para xerar valor engadido a medio dun desenvolvemento endóxeno.

Desde unha perspectiva xurídico-administrativa, a declaración de caducidade pola Xunta é o recoñecemento dunha imposibilidade de feito. E, máis claro aínda na constatación desta imposibilidade, será o inminente rexeitamento da AAI pola

Consellaría de Medio Ambiente. Sen a garantía de acceso á rede de transporte eléctrica e sen o osíxeno dos fondos Next Generation, o proxecto era inviábel. Altri e mailo PP na Xunta quixeron vender a sofisticada factoría de fibras téxtiles que se nos debuxou no 2022, cando dende marzo de 2024 ficou abondo claro que o proxecto era en realidade unha macrocelulosa de impacto hidrolóxico masivo que chocou frontalmente coa conciencia dunha comarca, a Ulloa e dun país enteiro, Galicia, que rexeitou ser terra de sacrificio. Que rexeitou ser o vertedoiro de Europa.

A presión social -ese clamor que uniu mariscadores de Arousa e gandeiros da Ulloa canda centos de milleiros de persoas- dobrou o brazo de Rueda e do PPdeG, que estaban a afrontar un desgaste que ameazaba con erosionar as bases rurais do PP galego. A mobilización social alicerzouse en tres compoñentes de éxito: unha grandísima capilaridade que repre-

sentaba a maioría social nas bisbarras da Ulloa, da Ulla e colindantes, unha alianza transversal entre o mundo da produción e da empresa da Arousa á Ulloa, o ambientalismo, e os gobernos locais de concellos gobernados polo BNG, PSdeG e independentes e unha organización plural que, porén, tiña moi claro onde estaban as forzas políticas e sociais nas que podía confiar e onde estaba o Goberno galego e a dirección galega do PP.

No ámbito político é evidente que Ana Pontón e a dirección do BNG, canda o conxunto do ecosistema soberanista souberon ler a xeito o divorcio entre a maioría social deste país e o modelo industrial de "proxectos de enclave" de onde se extraen recursos (auga, terra, madeira) para exportar valor engadido fóra, precisamente por se alicerzar a súa proposta económica no desenvolvemento sostíbel e autocentrado. Souberon tamén tirar ao PSdeG da súa posición inicial na terra de ninguén, probablemente xerada polas xestións iniciais de coñecidos lobbistas. En calquera caso emerxe a consideración de que o BNG foi a forza que mellor soubo interpretar, non só a reacción social, senón mesmo a partillada existencia dunha outra política industrial que sexa quen de garantir o pro-

cesamento integral da cadea de valor no país nun contexto de respecto escrupuloso polos nosos ecosistemas.

Agora ben, precisamente esta sintonía na oposición a Altri esixe arestora de Ana Pontón e do BNG emitir unha mensaxe inequívoca a prol da implementación en positivo desa outra política industrial. A grande produción primaria de leite e madeira esixen dunha transformación que hoxe non existe e que vai requirir política, ideas e recursos financeiros.

Fronte esta vantaxe do BNG (que, porén, leva inserida un imperativo para deseñar política industrial en positivo) Rueda fica nunha posición nada confortábel. Porque descarrilou o seu grande proxecto tractor, proxectando a idea de que o PPdeG non é quen de atraer grandes investimentos que non sexan extractivos, entregando o país a multinacionais que foxen en canto non hai subvencións. Cando a lección desta xeira é que, na Galicia de hoxendía, non pode haber un grande proxecto industrial viábel que non pase pola peneira da aceptación social. O resto é literatura de DOG e fume de despachos.



Por Nicolás Xamardo Profesor Honorífico da UPV/EHU

Oteiza, o Par Móbil e a Dialéctica

Oteiza é o político, o pensador, o artista, que leva a dialéctica ata as súas últimas consecuencias. A aplicación dese método de coñecemento e traballo é xa claramente visible no seu famoso manifesto («Carta aos artistas de América», 1944), onde a dialéctica soporta e atravesa de principio a fin este texto fundacional.

Neste artigo imos tratar de ver e interpretar ese pensamento en acto, na que consideramos obra cume da escultura contemporánea: o famoso «Par móbil 3-5».

Oteiza realiza un balance do arte contemporáneo para saber que está feito e, en consecuencia, que se esixe a si mesmo. A dialéctica materializada na obra de Malevitch non se lle escapa a Oteiza: «(...) pois eu chego de Malevitch directamente, e de min, da miña propia conciencia metafísica, que me muda dunha fisioloxía do



home a unha fisioloxía do espazo, da curación do corpo á curación da morte. E aquí, do 'Cadrado negro sobre branco' ao 'Cadrado branco sobre branco', á metafísica da Estatua e curación do baleiro». (Catálogo da bienal de Brasil, 1957).

Sabemos que Oteiza coñece ben a dialéctica de Hegel (o movemento do coñe-

cemento a partir da división ser/nada). Dialéctica que Mallarmé materializará no proceso de escritura a partir da escisión signo/páxina en branco e Malevitch farao na pintura, dende a diferenza mínima de branco sobre fondo branco. Velaquí as bases para comprender o papel que o baleiro (nada, páxina en branco, fondo branco, conxunto baleiro etc.) xoga no universo oteiziano.

Visto o visto, o reto para o mestre orio-tarra ía ser o máis difícil aínda: plasmar nunha escultura, e ademais abstracta, o que parecía imposible representar, figurar, imaxinar, simbolizar: a dialéctica. Por tanto, o reto ao que se enfrontaba era crear unha escultura que fose abstracta, -xeométrico-topolóxico- e que reunise os principios da dialéctica: división, movemento imprevisible (disimetría, contradicións, proceso etc.). E o noso escultor materializa (Ezina, ekinez egina: o imposíbel faise realidade facéndoo) a metáfora do pensamento hexemónico nos nosos días: o «Par móbil 3-5». Ninguén

fora capaz de ir tan lonxe. Oteiza divide, dialectiza a dialéctica mesma, dándonos os dous posibles matrices desta: por unha banda, a dialéctica estrutural, idealista, de lóxica repetitiva/reiterativa, cuantitativa, simétrica, previsible, non antagónica e circular, representada no «Par móbil 4-4». Por outro, a dialéctica forte, materialista, antagónica, disimétrica, cualitativa e de traxectoria imprevisible, materializada no «Par móbil 3-5».

Se Hegel estableceu o movemento dialéctico na orixe da Filosofía, Marx fixo o propio na Política, Mallarmé na Poesía e Malevitch na Pintura, Oteiza é quen creou a escultura que presenta a Dialéctica tal como é, sen vestidos, espida, para que o mundo véxaa e comprendaa.

En fin, visto o anterior, pode sorprendere a alguén que Oteiza adicase o «Par móbil 3-5» a Txabi Etxebarrieta?



www.novasdоеixoatlantico.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA) - T. 658 58 50 49
redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Departamento propio e axencias
publicidade@novasdoeixoatlantico.com
Fotografía: Departamento propio
Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:
GALIZA: Roberto Mansilla Blanco - Montserrat Rodríguez - Porto Ucha - Raquel Vázquez - C. Méixome - M. Xiraldez - Pérez Lema - X. Glez. Mtnéz. - B. Iglesias (Mero) - Nemesio Barxa - Andrea Goro - Anxo Mena - I. Otero Varela - Susi Rodríguez - Isidoro Gracia - Laura de Cáceres - Kiko Neves - Ramón Mariño - Francisco Puñal.
PAIS BASCO: Nicolás Xamardo.
Humor: Tokio, Martirena - Pepe Carreiro - Francisco Puñal - Felix Ronda - Fuco Prado - Sex.

Depósito legal: VG-138-2015

EIXOATLANTICO
BOLETÍN GALICIA-PORTUGUES DA GALLIÇA

Xosé González Martínez. Presidente do Foro E. Peinador

A lingua galega e os corpos policiais

Durante moitas décadas os sucesivos gobernos do Estado non lexislaron para que en Galicia a cidadanía puidese utilizar a lingua propia nas súas relacións cos órganos periféricos, nomeadamente coas forzas e corpos de seguridade. Este baleiro legislativo provocou indefensión xurídica. O paradoxo desta situación surrealista é que o 98% dos efectivos policiais no noso país son galegofalantes. Estamos pois perante unha diglosia inducida que ten as súas orixes nun desviacionismo do exercicio do poder que non reconece a cultura e lingua dun pobo como “patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección” (art. 3 da Constitución española).

Malia o baleiro legal que comentamos, a Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística demostrou, no seu tempo, unha vez máis a súa audacia ao promover a sensibilidade dos integrantes de todos os corpos policiais para recoñecer esa realidade desprovista de protección legal. Foi así como ano 2007 aproveitando que Carlos Varela era Fiscal Superior de Galicia; os xenerais da Garda Civil, Manuel Ferreiro e Gonzalo Jar; e Luís M. García Mañá Xefe Superior de Policía, todos eles dotados dunha sensibilidade excepcional coa máxima representación institucional que ostentaban, apelou a dinamización



de comportamentos acordes cos principios constitucionais.

Aquel gran acordo entorno á lingua galega quedou reflectido nunha publicación de esmerada edición, titulada “En galego, con toda seguridade”. Fora tal o entusiasmo suscitado que tamén os sindicatos policiais prestáronse a asinar unha Declaración determinante para a mudanza dos hábitos lingüísticos. En Vigo, por sinalarmos un exemplo, o inspector xefe da Brigada/Grupo de Policía Científica, levou a cabo unha iniciativa inédita coa redación en lingua galega das actas de inspección ocular remitidas aos xulgados, contribuíndo así a galeguizar os procedementos procesuais xudiciais. A escenificación daquel gran acordo realizouse na Capela Real do Hostal dos Reis Católicos nun acto revestido de toda solemnidade no que participaron

preto de trescentos axentes uniformados. Un ano antes editáramos “Contos da Policía”, a primeira publicación no seu xénero, na que membros do CNP participaron con cadanseu relato literario. Nunca tal se vira.

Así como no 2007 aquela gran operación de achegamento á lingua galega estaba fundamentada unicamente na interpretación do texto constitucional, hoxe o Real Decreto polo que se crean o Consello das Linguas Oficiais e a Oficina para as Linguas Oficiais ofrece unha cobertura legal para desenvolver accións de maior alcance.

Ao abeiro dese texto normativo a Irmandade Xurídica Galega retoma agora aquela experiencia pioneira convocando unha rolda de entrevistas ás autoridades das forzas e corpos de seguridade coas participacións activas do Delegado do Goberno e a Xunta de Galicia, institucións imprescindibles na concreción e desenvolvemento deste obxectivo. A primeira xuntanza foi coa Xefatura Superior de Policía. O seu titular malia non ser galego manifestou a súa total simpatía e predisposición a recuperar aquela experiencia. Nas próximas semanas proseguirán os contactos coa Garda Civil, Policía Autonómica, Servizo de Vixianza de Aduanas, Fegamp, e a Academia Galega de Seguridade Pública da Xunta de Galicia.

Destá volta a Irmandade Xurídica Galega artellou unha notivadora e fundamentada “Declaración sobre o uso das linguas oficiais nas relacións entre a cidadanía e as forzas e corpos de seguridade”. O texto fundamentase no ordenamento xurídico

vixente que regula o uso das linguas lingua nos órganos periféricos do Estado. O texto recolle os compromisos e implicacións que



serán ratificados polas autoridades competentes nun acto público que se celebrará o próximo mes de xuño. Unha oportunidade para darmoslle visibilidade á intención de normalizar o uso do noso idioma nos procedementos administrativos e forenses policiais. Actividades que levan parellas a elaboración dunha ferramenta informática complementaria coa plataforma Atenea que tamén fará posible a normalización da lingua galega nos procedementos procesuais nos distintos órganos xurisdiccionais da Administración de Xustiza.

Para garantirmos que estas propostas sexan efectivas e transformadoras na súa aplicación, a devandita “Declaración” inclúe un apartado dedicado á “oferta positiva e informativa”, encomendándolles aos axentes policiais o uso do galego ao tempo que informar do dereito que ten a cidadanía a expresarse na nosa lingua, oralmente e por escrito, na xestión de calquera trámite. A lingua pode crear confianza ou erguer muros na comunicación entre a cidadanía e as policías, por iso cómpre unha intervención explícita das superioridades xerárquicas que axuden a modificar condutas que perpetúan inercias do pasado que hai que erradicar de vez. A vertebración social do país esixe dun consenso básico no que a lingua galega sexa un común denominador. Estamos a tempo a reparar o dano causado.

Luís Menor reivindica en Bruxelas a eficiencia das entidades locais

O presidente do Partido Popular de Ourense, Luís Menor, reivindicou en Bruxelas o coñecemento directo do territorio das administracións locais como a vía máis eficiente para xestionar os fondos europeos. Nunha visita ao Parlamento Europeo, encabezando unha delegación do PP ourensán, Menor foi tallante ao rexeitar o Novo Marco Financeiro

Plurianual (MFP) 2028-2034, un modelo de xestión centralizada que expón a Comisión Europea.

Menor trasladou aos eurodeputados populares que a captación de recursos europeos é un obxectivo estratéxico para o goberno popular na Deputación, algo que se traduce en resultados tanxibles para Ourense como o PERTE do Ciclo da auga, os Plans de Ac-

tuación Integrada en Ourense Sur e Valdeorras, a transformación dixital da administración ou para sectores craves como o turismo termal, o emprego, o comercio e a innovación no rural. Subliñou que desde o inicio do actual mandato en 2023, a institución provincial conseguiu 27,9 millóns de euros, unha cifra que equivale a case un terzo do orzamento total.



Comunidades, colegios, oficinas, moquetas, abrillantado de suelos, primeiras obras, fachadas

986 661 052 limpiezasponteareas@gmail.com

Rúa As Lavandeiras, 3 baixo Ponteareas



- FOGAR DO LIBRO USADO
- OBRADOIROS
- RECITAIS
- TERTULIAS
- PRESENTACIÓN DE LIBROS

Vidales Tomé (fronte ao Sportivo). Ponteareas



666 61 09 08

Rúa Santo Domingo, 4

Praza do Ferro. Ourense

CONDADO/PARADANTA

Visitas guiadas ao Museo Arabo

Con motivo da LXVI Festa da Lamprea a celebrarse do 24 ao 26 de abril, o Concello de Arbo organiza, un programa especial de visitas guiadas gratuítas ao Centro de Interpretación do Viño e a Lamprea "Arabo" cunha duración aproximada de 45 minutos de venres a domingo.

Por outra banda, o Concello anunciou a apertura do 9 de febreiro ata o 10 de abril do período



de solicitudes para a instalación de postos de venda e atraccións para a Festa da Lamprea. As solicitudes contemplan postos de alimentación, bixería, venda variada ou atraccións e deberán cumprimentar a solicitude oficial e a Declaración Responsable, abonar as taxas correspondentes por ocupación de vía pública e presentalas no rexistro xeral do Concello de Arbo ou a través da sede electrónica municipal.

Nova pista de pádel

O Concello de Arbo vai construír unha pista de Pádel na contorna do campo de fútbol e o pavillón polideportivo cunha subvención de 91.575,12€, IVE incluído, conce-

didada pola Deputación de Pontevedra. A intervención consolidará a área de Chan como un espazo de referencia para a actividade física, a convivencia e o lecer. O Concello integrará a nova pista

coas instalacións deportivas xa existentes como son o campo de fútbol, o pavillón polideportivo, as piscinas ou a pista de Skate e cos proxectos futuros previstos en terreos municipais lindeiros.

Salvaterra solicita fondos para contratación laboral

O Concello de Salvaterra ven de solicitar, a través do Plan +Provincia 2026, a contratación a partir de abril de 16 persoas por un importe de máis de 233.000€. Os postos a cubrir serán de peón forestal,

conductor de camiión, peón de limpeza, varredor, fontaneiro, axudante de recollida de basura, oficial albanel, informador turístico, bibliotecario e cobrador.

Por outra banda, o Concello será beneficiario ata 2027 dunha

subvención da Xunta, cofinanciada pola UE, para a selección e posterior contratación dunha persoa educadora social dentro do Programa dirixido á inclusión de persoas en situación ou risco de exclusión social.

As Neves e a Xunta apostan pola calidade alimentaria

O director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, Martín Alemparte, mantivo unha reunión co alcalde das Neves, José Manuel Alfonso, para avaliar vías de colaboración a prol da promoción dos produtos alimentarios de calidade diferenciada. Destacaron neste sentido a Feira do Requeixo e Mel, avaliadas polos selos da Indicación Xeográfica Protexida Mel de Galicia e Artesanía Alimentaria; e o potencial vitivinícola do Condado do Tea, dentro da Denominación de Orixe Rías Baixas.



"Luz verde" para a Eurocidade do Miño

O Alcalde de Melgaço, José Albano Domingues, anunciou que a súa Cámara Municipal organizará o acto de asinamento do protocolo de cooperación da Eurocidade do Miño, conformada con outros catro Concellos galegos: A Cañiza, Arbo, As Neves e Crecente.

Esta será a quinta Eurocidade no ámbito xeográfico da Raia, xunto coa de Tui-Valença, creada en 2012; Salvaterra-Monção (2015); Tomiño-Cerveira (2018) e Chaves-Verín (2013) Por outra banda, O Rosal, A Guarda e Caminha están tamén por constituír a súa propia Eurocidade da Foz do Miño.

Aprender xogando

Financiado pola Deputación de Pontevedra, o Concello de Arbo incorporou á Biblioteca Municipal e ao CEIP Antonio Carpinteiro unha nova colección de xogos pedagóxicos co obxectivo de que o alumnado poda descubrir a historia, cultura e curiosidades da provincia de Pontevedra e o territorio



transfronteirizo con Portugal, fomentando o coñecemento da identidade local.

X Marcha BTT da Lamprea

Arbo organizará o 12 de abril a X Marcha BTT da Lamprea, conmemorando o décimo aniversario desta proba non competitiva organizada polo Concello coa colaboración da Asociación Limprebike. A proba, aberta a maiores de

idade, ofrece un percorrido aproximado de 45 quilómetros con dificultade media-alta.

O prazo de inscrición está aberto ata o 8 de abril. A organización fixou un límite máximo de 150 prazas.

Teresa Portela, pregoeira da Feira do Requeixo das Neves

A deportista olímpica galega Teresa Portela será a pregoeira da XXXIII Feira do Requeixo e Mel das Neves, que se celebrará o 3 e 4 de abril. A programación cultural, gastronómica e deportiva botará a andar xa o 21 de marzo.

O pregón terá lugar o venres 3 de abril, coincidindo coa xornada central da Feira. A progra-

mación inclúe o I Memorial Manuel Guitián de bádminton; a andaina 'Mitos e crenzas do Termes'; showcooking con degustación no mercado municipal; a Andaina do Requeixo; unha xornada sobre os retos da artesanía alimentaria galega; cata de melles; xornadas de Vespa velutina; e o acto das Mulleres do Requeixo, entre outros.

ELECTRICIDAD

BOUZA
ALFONSO Y DANIEL, S.L.

ILUMINACIÓN
Instalaciones en general
Reparaciones
Instalación de sonido
y telefonía interior

bouza@electricidadbouza.com

Rosalía de Castro, 7
Telf. y fax: 986 641 565
PONTEAREAS

ALONG GROUP

- Asesoría de empresas y autónomos.
- Herencias y tramitación de escrituras.
- Gestiones en Tráfico y Transporte.
- Servicios Inmobiliarios y tasaciones.
- Creación de empresas y asesoría de emprendedores.
- Tramitación ayudas y subvenciones.
- Asesoramiento Jurídico.

Avda. Rosalía de Castro, nº 7 (36860) Ponteareas - Pontevedra
Tel: 886 155 341 / 698 190 794
info@grupolong.com www.grupolong.com

Puzo - San Mateo - Ponteareas
Teléf. 986 657 577 - Móvil, 639 817 090

Despachos:
Ponteareas - C/. Estrada, N.º 15 - Teléf. 986 660 951
Salvaterra de Miño
C/. Rosalía de Castro, s/n. - Teléf. 986 075 874

Memoria Democrática exhumará fosa en Salvaterra

O Concello de Salvaterra solicitou a finais de 2025 a axuda económica destinada ás Entidades Locais para a realización de actuacións de recuperación de Memoria Democrática 2025-26 para levar a cabo a Exhumación da fosa de Salvaterra, que acaba de ser incluída no "VI Plan de Recuperación de Memoria Democrática 2025-2026" cunha axuda de 7.500€.

Esta proposta de actuación nace dunha reunión mantida entre a Alcaldesa de Salvaterra, Marta Valcárcel, e a Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica do Baixo Miño – Condado – Lou-



riña. A investigación e o traballo realizado pola Comisión céntrase na busca dos restos de tres persoas, Bernardo Bernárdez Martínez, Delfín Rey Sánchez e un desco-

ñecido que segundo consta nas partidas de defunción obtidas no xulgado de paz municipal recibiron sepultura no cemiterio de Salvaterra.

CIM Móbil contra a violencia de xénero



O Concello de Salvaterra recibiu a visita do Centro de Información á Muller Móbil (CIM Móbil), un servizo itinerante da Xunta especializado na atención integral a mulleres vítimas de violencia

de xénero e a outros colectivos vulnerables. Trátase dun sistema que permite optimizar recursos públicos sen renunciar á calidade nin á especialización da atención prestada.

En marcha a III Ruta Pinchoterra

O Concello de Salvaterra reuniuse cos locais de hostalaría do municipio para organizar a III Ruta Pinchoterra entre os días xoves e venres dende o 2 de abril ata o 1 de maio.

A oferta gastronómica, que inclúe opcións para celíacos, vexetarianos e veganos, pretende superar os 15.000 pinchos vendidos na edición 2025. Como novidade nesta edición os participantes deberán selar o seu pasaporte



cun total de 4 selos diferentes para gastar nos locais participantes, bonos para o Espazo Ter-

mal de Teáns Oleiros e premios aportados polos locais participantes.

Campus de conciliación para Semana Santa

O Concello de Salvaterra abriu o prazo para as inscricións do Campus de Conciliación de Semana Santa, que se realizará os días

30, 31 de marzo e 1 e 6 de abril na Casa Cultura e dirixido a nenos e nenas nados entre os anos 2014 e 2022 cun máximo de 40 prazos.

Prevenición contra a velutina

Como cada ano, o Concello de Salvaterra lanza unha campaña de concienciación contra a prolifera-

ción da Vespa Velutina colocando 100 trampas e 200 doses de líquido atraínte a disposición da veciñanza.

Humanización na Capela de San Roque

O Concello de Salvaterra iniciou a obra de humanización da Capela de San Roque en Cabreira, cun investimento superior aos 553.000€ financiada a través do Plan Extra e do Plan +Provincia da Deputación.

A obra contempla a creación dunha plataforma única, amplia-



ción do espazo peonil, eficiencia enerxética, renovación das tubaxes de saneamento e abastecemento, soterramento das liñas de telecomunicacións e baixa tensión e a instalación de novas tubaxes de alumado público, colocación de mobiliario composto por bancos e xardineiras e sinalización horizontal e vertical.

Óptima dotación nos centros educativos

Durante unha intervención ante o Parlamento galego, a directora xeral de Ordenación e Innovación educativa, Judith Fernández, explicou que os centros educativos de Salvaterra contan coa dotación de profesorado axeitada para atender as necesidades do

seu alumnado, incluíndo especialistas en Pedagogía Terapéutica e un en Audición e Linguaxe. Os centros atendidos son o Colexio de Leirado, o CEIP Infante Felipe, o Centro de Educación Primaria Carlos Casares, o Colexio Rural Agrupado A Lagoa e o Instituto de Salvaterra.

CERRAJEROS Y MULTISERVICIOS HOGAR

O REMENDÓN

637 764 865

www.cerrajeroremendon.es

24h.

Talleres Guiller Motor

Puzo-Lira, 24
36459 SALVATIERRA (Pontevedra)

Venta de vehículos usados

Tel./Fax 986 66 15 41

(SPG) TALLERES

LA OJIVA

ESPACIO GASTRONÓMICO

San Roque, 74 - Leirado - Salvaterra de Miño

Tel: 659 374 868 - laojivagastronomica@gmail.com

BAIXO MIÑO

TUI

Nova ordenanza de Zona Azul

O Concello de Tui deu marcha este 11 de febreiro á nova ordenanza reguladora da Zona Azul con control do estacionamento mediante cámaras de lectura de matrículas. Preto de 150 prazas de estacionamento no centro urbano contarán con estacionamento gratuito limitado no tempo que será controlado mediante cámaras de lectura de matrícula.

Deste xeito, nas rúas Foxo, Travesía Foxo, Rosa Bahamonde, Augusto González Besada, Lugo, Praza de Galicia, Mondoñedo, e Betanzos poderase estacionar un máximo de 2 horas. Na rúa Coruña e no tramo final do Paseo de



Calvo Sotelo até a rúa Ordóñez, o tempo máximo de estacionamento será de 1 hora. Así mesmo, o Concello puxo en marcha unha

aplicación móbil, Aparca&Tui, na cal se recolle toda a información da zona azul e se resolven as preguntas frecuentes.

Compromiso coa recollida do lixo

O goberno municipal de Tui, tomando en conta que o Concello é un dos máis afectados polas incidencias rexistradas no transporte ferroviario dos contedores de lixo dende a terminal de Guixar en

Vigo até o Complexo Medioambiental de Sogama en Cerceda, anunciou que mantén a recollida de lixo aínda que sen descartar posibles retrasos en caso de non normalizarse a situación.

Esta acción municipal mantense

co baleirado dos contedores trasladando directamente a SOGAMA o lixo recollido nos camións, co conseguinte incremento económico, e grazas ao esforzo e implicación dos traballadores.

PP: "suba desorbitada do 300% na recollida de lixo"

O voceiro municipal do PP de Tui, Nico Montes, criticou a "suba desorbitada da taxa do lixo, de máis do 300%, ata situala entre as tres máis caras da provincia". Isto repercute en que "as vivendas pagan unha cifra estratosférica de entre 150 e 200€ anuais e os ne-

gocios non baixan de 500€".

Tras valorar positivamente "a situación transitoria de traslado do lixo con camións municipais", Montes vén de esixirle ao goberno de Enrique Cabaleiro que "abandone as excusas" e "artelle as solucións necesarias para garantir un axeitado funcionamento do

servizo de recollida de lixo e do seu traslado á planta de Sogama" ante "a situación de provisionalidade do sistema anunciada polo executivo" e os posibles problemas polas incidencias na estación de tren de Guixar en Vigo.

Día Mundial da Auga na EDAR de Guillarei

O Consorcio de Augas do Louro e Aqualia organizan para o 22 de marzo unha xornada de portas abertas con visitas guiadas á EDAR de Guillarei con motivo do Día Mun-



dial da Auga. A visita permitirá mostrar os procesos de depuración e o conxunto da xestión do ciclo urbano da auga, ademais de sensibilizar sobre o problema da contaminación.

Preparando as Festas de San Telmo

O Concello de Tui comezou a traballar no programa festivo das festas patronais de San Telmo, abrindo así mesmo o prazo de solicitude ata o 25 de febreiro para a instalación de atraccións

de feira e outros postos no Espazo Feiral. A montaxe das atraccións realizarase o 30 e 21 de marzo xa que o 1 de abril procederase á revisión das condicións técnicas.

Senda peonil no río Miño

O obxectivo de completar a senda peonil na ribeira do Miño en todo o termo municipal, o Concello realizou unha reunión informativa no Centro Cultural de Areas para dar conta do proxecto do tramo entre a vella Ponte Internacional e Areas até o límite co termo municipal de Tomiño.

O Concello presentou a execución deste proxecto á Xunta para a súa execución a través dun obradoiro de emprego, dando continuidade así ao traballo realizado por outros proxectos formativos que executaron a senda do Furnia entre Pexegueiro e Malvas e a senda do Miño entre a Praia de Areeiros e Caldelas.

Prevención de incendios forestais

A concellería de Medio Ambiente de Tui iniciou unha serie de charlas informativas en tódalas parroquias para achegar á veciñanza información sobre prevención de in-

cendios e faixas secundarias. As charlas se realizarán en Reboareda, Pexegueiro, Baldráns, Paramos, Caldelas, Ribadelouro, Guillarei, Randufe, Áreas e Malvas.

O PP de Tui denuncia a tala na Praza da Inmaculada

Tomando co referencia o informe técnico da Estación Fitopatolóxica de Areeiro, dependente da Deputación de Pontevedra, o voceiro do grupo municipal do PP de Tui, Nico Montes, acusou ao Concello de ser o responsable dos danos nos emblemáticos títulos da Praza da Inmaculada e da súa posterior tala ante o risco de caída.

Montes considerou que os mesmos foron provocados polas obras de humanización do Paseo da Corredoira e da rúa Augusto González Besada. Os citados in-



formes técnicos sinalan que as obras "non respectaron a integridade destas árbores nin adoptaron as preceptivas medidas de protección sobre as mesmas".

Óptica mahen
mahen Ópticos desde 1939

Nº Reg. Sanitario E-36-000038
P O N T E A R E A S
rúa senén canido, 4

**forjados
hinos. durain s.l.**

www.forjadosduran.com

TUI

Reforma integral do CEIP de Pazos de Reis

A concelleira de Ensino de Tui, Sonsoles Vicente, reclamou á Xunta un compromiso firme reflectido na correspondente consignación orzamentaria e no proxecto de execución para a reforma integral das instalacións do CEIP de Pazos de Reis. Con máis de 65 anos de antigüidade, o centro situado na Porteliña, precisa dende hai máis de 20 anos unha solución, que pese aos distintos proxectos existentes ao longo dos últimos anos aínda non se materializou.

Sonsoles alude á proposta de construción dun novo centro na Finca Lagarteira, adquirida polo Concello en 2011 e que non se



considerou viable en 2018, e á posterior elección por parte de Educación da Macoca, e que pese aos trámites realizados polo goberno coa Entidade Local Menor de Pazos de Reis para a cesión dos terreos, tampouco foi adiante ao trasladarse que “non era viable por ser chan rústico”.

Dignificados 137 represaliados pola ditadura

A través dun texto promovido polo colectivo Levada Libre, o Concello de Tui solicitou ante os organismos competentes a declaración de ilexitude e nulidade dos xuízos e sancións ditados por motivos políticos, ideolóxicos, ou de conciencia durante a ditadura a 137 tudenses das que 70 foron executadas ou paseadas, e 67 procesadas ou sancionadas.

Así mesmo, a corporación municipal acordou tamén colocar unha placa de lembranza e desagravio na que figuren os nomes dos carabineiros e mariños que foron degradados e executados polos militares sublevados por defender e ser fieis ao goberno legalmente establecido da República. Outra das accións será a colocación, na Alameda de San



Domingos, onde foron fusilados veciños e veciñas de Tui en 1936, un bloque de pedra do país co nome das persoas represaliadas por orde alfabética.

O Concello amosou igualmente a súa satisfacción pola identificación na fosa común de Soutelo, en Salceda, do tudense Manuel

Fernández Diz, veciño das Bornetas, que en 1936, fora asasinado e soterrado nesta fosa común. No mes de xaneiro a súa sobriña neta, Gachi Fernández, regresou a Tui na procura das súas orixes, unha investigación que iniciou hai sete anos e que agora culminou tras a identificación do seu tío avó.

“Tú-y D’Tapas” conquistará os padais



Os venres de marzo chegarán cheos de sabor a Tui grazas á ruta gastronómica Tú-y D’Tapas, promovida por ACITUI, a Asociación de Comerciantes de Tui, coa colaboración do Concello.

Un total de 18 locais ofertarán ao longo dos catro venres do mes marzo, os días 6, 13, 20 e 27, de 19 a 23 h unha tapa ao prezo de 2,5€. Os establece-

mentos son O Bartolo; o Pony Express; o Pilar; Puro Sabor; Entre Horas; a Tapería Época; La de Manu; “La Cumbre; o Moma; “El Molino; o Biper Bocatería; “La Terraza del Miño; “O Vello Cabalo Furado; Ideas Peregrinas; O Novo Cabalo Furado; “Emma Gastrobar; e “Lúa Wine Bar. Os premios inclúen un sorteo de 3 vales de 100€ para consumir nos locais participantes na ruta.

O cartaz das Festas de San Telmo

O tudense Carlos Fer é o autor do cartel das festas de San Telmo 2026 que se van celebrar do 4 ao 13 de abril. O autor explicou que a protagonista do cartaz é unha muller vestida co traxe tradicional, nunha actitude festiva e “bailando unha muiñeira”.



A Catedral modernizará a súa iluminación artística

A Catedral de Tui renovará a súa iluminación artística para realzar a arquitectura do templo, destacando elemen-

tos como a fachada occidental, o claustro e as torres. O investimento é de 176.000€ e o prazo de execución de dous meses.

LOVECARS®
www.lovecars.es

CONFITERIA
Regino
Especialidade en rosquillas e melindres

Nova gama de produtos selectos:
Rocas de chocolate, Tarta de té,
Sublime de cacao, Tarta de frambuesa

Tartas personalizables coa túa foto ou debuxos infantís a partir de 2 kgs.

Rúa Reveriano Soutullo, Pontearreas 986 640 834

BAIXO MIÑO/VAL MIÑOR

O río Miño presenta candidatura ante a UNESCO

A Agrupación Europea de Cooperación Territorial (AECT) do Rio Minho ten en fase de aprobación a candidatura ECOFRONT_MINHO, que constitúe o primeiro paso na preparación da candidatura á Reserva da Biosfera Transfronteiriza da UNESCO.

O proxecto, cun investimento superior aos 900.000€ e cofinanciamento do 75 % a través do Fondos FEDER, ten como obxectivo promover estratexias conxuntas para a coordinación das infraestruturas verdes e a protección dos ecosistemas do río Miño transfronteirizo. Tamén participan a



Xunta como entidade socia, a Deputación de Pontevedra, ADRI-MINHO, a AECT Galicia Norte de Portugal, a Fundación Centro de Estudos Eurorrexionais Galicia Nor-

te de Portugal, a Asociación de Desenvolvemento Rural Condado Paradanta - Terra e Auga e Asociación de Desenvolvemento Rural Galicia Suroeste Eu Rural.

Os linaxes da Arribada

Con motivo da XXX Festa da Arribada celebrada este 1º de marzo, o Concello de Baiona impulsou a iniciativa cultural "Os Linaxes da Arribada - O Pobo fai Historia" coa intención de reforzar a identidade co-

lectiva a través dos apelidos e apodos históricos que se remontan ao século XV.

Deste xeito, e baixo o lema "Baiona, onde a historia cobra vida", a veciñanza participou no desfile representando simbolicamente a súa linaxe, vinculada a

oficios e non a títulos de nobreza. Así mesmo, o Concello organizou un obradoiro participativo coa creación de estandartes e o "Libro das Linaxes da Arribada" en formato dixital.

"Débeda cero" nos orzamentos de Nigrán

O Concello de Nigrán levou ao pleno do 3 de marzo a aprobación dun orzamento récord para 2026 que ascende a 18.410.951€, un 5,98% máis que en 2025, con especial protagonismo do gasto social (2M€) e "débeda cero".

Destacan entre as partidas or-

zamentarias a limpeza e servizo de lixo; o SAF, mantemento de zonas verdes, o futuro espazo deportivo de Porto do Molle, remodelacións viarias, asfaltados, rehabilitación de lavadoiros e melloras enerxéticas, a reforma da Casa Consistorial e das Dunas de Gaifar, o Plan Deportes no campo

de Condomínguez e no pavillón de Panxón, a recuperación dos cines da Ramallosa, o proxecto "Acompaña" de Avelaíña, ocio inclusivo e a cooperación internacional vía Fondo Galego de Cooperación, do que Nigrán ocupa a presidencia.

Prevención de incendios no Baixo Miño

O director xeral de Defensa do Monte, Manuel Francisco, mantivo unha xuntanza de traballo co presidente da Mancomunidade de Montes do Baixo Miño, José Antonio Rodríguez,

para avanzar posibles liñas de traballo conxuntas na prevención de incendios forestais na Guarda, Oia, O Rosal, Tomiño e Tui.

A Arribada une a Baiona e Poio

Os Alcaldes Jesús Vázquez Almuíña (Baiona) e Ángel Moldes (Poio) asinaron na Deputación de Pontevedra o acordo de colaboración para concretar o irmandamento entre ámbolos dous municipios que, durante catro anos, permitirá realizar intercambios culturais e accións divulgativas nos centros educativos, destacando neste sentido o impulso da Festa da Arribada e



o Día de Colón.

Ampliación da rede de auga

O Concello de Tomiño aumentou a súa rede de abastecemento de auga coa implementación de 548 contadores intelixentes de telelectura tanto en vivendas privadas como en instalacións municipais.

Isto permitiu aumentar ata un 90% o rendemento desta rede de abastecemento grazas a un investimento de 93.000€ financiados con fondos municipais e por Augas de Galicia dentro da iniciativa Next GenerationEU.

SAT prorrogado ata 2027

O Alcalde de Nigrán, Juan González, anunciou que o goberno municipal prorrogará o contrato ata o 2027

do Servizo de Atención Temperada (SAT) debido aos "bos resultados" da súa xestión.

Oia aumenta o seu persoal laboral

O Concello contratará un total de 7 persoas ao abeiro do Plan +Provincia 2026 da Deputación. Os perfís que se solicitan son de condutor de maquinaria forestal (1 praza), albanel (2 prazas) e

peón forestal (4 prazas), e en todos os casos se trata de contratos a xornada completa. Poderán beneficiarse desta iniciativa as persoas desempregadas inscritas na oficina de Emprego de Baiona.

Primeiro servizo de taxi comarcal no Val Miñor

Os 54 taxistas de Baiona, Nigrán e Gondomar crearán unha Área de Prestación Conxunta (APC) para integrar o funcionamento comarcal do servizo de taxi cunha tarifa única, a utilización de pa-

radas comúns e a coordinación de quendas. A proposta foi analizada pola Comisión Especial de Transporte Público en Vehículos de Turismo (CEVT) Baiona ten 13 licenzas de taxi, Nigrán 22 e Gondomar 19.

ALFESO
Asesoría de Empresa

FISCAL - CONTABLE - LABORAL - MERCANTIL - IMPOSTO SUCESIÓNES
TODO TIPO DE XESTIÓNS COAS INSTITUCIÓNS PÚBLICAS

Paseo Matutino, 4 - Entlo. B Ponteareas T. 986 66 00 00

GASOLEOS
TEA
Distribuidor oficial REPSOL para:
CALEFACCIÓN, INDUSTRIA Y AUTOMOCIÓN
SERVICIO A DOMICILIO
PONTEAREAS | 986 66 13 90
986 66 13 89
A GUARDA | 986 61 43 61
REPSOL



Compartimos a vida

GADIS

PONTEVEDRA

Reedición de "As familias da conserva"

A sede en Vigo da Deputación de Pontevedra acolleu a presentación da reedición do libro 'As familias da conserva', unha obra de referencia sobre a historia do sector conserveiro. A publicación foi impulsada por ANFACO-CYTMA, coa colaboración da Fundación Clúster de Conservación de Produtos do Mar (Funpromar) e da propia Deputación

A reedición incorpora catro novos capítulos dedicados ás traectorias empresariais de Conservas Orbe, Ubago Group Mare, Ig-



nacio González Montes e Lago Paganini, que reflicten distintas vías de desenvolvemento do sector: desde a expansión interna-

cional á especialización produtiva, pasando polo emprendemento familiar ou a tradición salazoneira vinculada ás rías galegas.

Colaboración Zona Franca-Círculo de Empresarios




O Delegado do Estado para a Zona Franca de Vigo, David Regades, e a presidenta do Círculo de Empresarios de Galicia, María Borrás, acordaron estudar novas vías de colaboración e sinerxias

co foco no apoio ao tecido empresarial. No encontro tamén analizaron a conxuntura empresarial e económica para este 2026, coa intención de definir un programa conxunto de actuación..

BNG esixe máis fondos para o 8M

A deputada nacionalista Manuela Rodríguez presentou unha moción polo 8M esixindo á Deputación de Pontevedra máis fondos e campañas provinciais dignas para avanzar en igualdade real fronte ao rearmamento do machismo.

Rodríguez subliñou que, a pesares do incremento histórico de



fondos dos que dispón a Deputación, o último orzamento deixou a porcentaxe destinada á área de Igualdade en mínimos históricos, apenas un 0,75%, sen sequera chegar aos 1,8M€, fronte ao 1,17% do orzamento e os máis de 2,1M€ destinados en 2023 por parte do anterior goberno provincial.

Stellantis Vigo en "moi alta tensión"

O proxecto "Novo Vigo" permite aumentar a conexión de moi alta tensión para Stellantis Vigo a través do Ministerio de Transición Ecolóxica grazas á adxudicación dun contrato de 182 megawatios e un investimento de 72M€. Esta elevada conexión lle permitirá a Stellantis garantir os seus plans de futuro no Parque Em-

presarial de Balaídos.

David Regades, Delegado do Estado para a Zona Franca de Vigo, entidade propietaria dese parque empresarial, informou do comezo dos traballos para o Centro de Transformación Eléctrica que Stellantis disporá con aproximadamente 3.800m2 e un investimento de 20M€ con horizonte 2046.

Pontevedra terá o seu mapa sociolingüístico escolar

O presidente da RAG, Henrique Monteagudo, e o Alcalde de Pontevedra, Miguel Anxo Fernández Lores, asinaron o acordo de colaboración para a realización do mapa sociolingüístico escolar do municipio. O proxecto abranguerá a totalidade da poboación escolar de educación infantil, primaria e secundaria, así como as súas familias e o corpo docente. Os resultados da investigación serán publicados no chamado Mapa sociolingüístico escolar de Pontevedra, cuxa publicación se prevé



cara a primavera de 2027.

O de Pontevedra é o terceiro mapa sociolingüístico escolar no que traballará a RAG. O primeiro,

publicado en 2021, foi o do Concello de Ames. O segundo mapa é o de Santiago de Compostela, actualmente en fase de elaboración.

A Reconquista de Vigo quere ser de Interese Turístico Internacional

O pleno municipal de Vigo aprobou a moción do PP para impulsar o recoñecemento da Reconquista de Vigo como Festa de Interese Turístico Internacional. A aprobación contou coa abstención do PSOE e do BNG.

A voceira do PP vigués, Luisa Sánchez, sostivo que o rigor histórico da celebración, a súa capacidade de mobilización de

visitantes e o seu impacto económico avalan a candidatura, que axudaría ademais a desestacionalizar o turismo. Esta festa, organizada pola Asociación Veciñal e Cultural do Casco Vello, leva tres décadas realizándose aproximadamente sobre o 28 de marzo, rememorando a rebelión popular que en 1809 permitiu a expulsión dos invasores franceses.

CENTRO DE ESTUDIOS TIZAS

VIRXE DOS REMEDIOS, 2, BAIXO
PONTEAREAS - ISABEL 639 33 45 53

INMOBILIARIA VAL MIÑOR

Tlf. 986.369.976 - Móvil: 639.894.796
inmovalminor@inmovalminor.com
Avda. de Elduayen, 22 baixo. 26380 - Gondomar

Síguenos en

www.inmovalminor.com

Tunel apas

Desde 1947

986 64 17 57 - Praza Maior 31, PONTEAREAS

O Entroido venceu ás borrascas

Cando a tradición manda non hai inclemencia climática que poida con ela. A convicción cidadá de que o Entroido segue vivo e non pode parar foi suficiente para superar a sucesión de choivas e de incidencias meteo-

rolóxicas que durante máis 40 días caeron sobre os Concellos galegos. Non importa se o ceo estaba gris; os desfiles das comparsas, os disfraces, a música, a retranca e a gastronomía encheron de cor e ilusión, unha vez mais, ás rúas galegas.



Entero da Sardiña en Ponteareas.



Cinco días de festa no Porriño.



En Mos desfilaron pola Avenida de Sanguñeda



Desfile de Entroido en Arbo.



Na Cañiza, máis de 200 persoas participaron no concurso de comparsas.



Entero da Lamprea na plaza do Concello de Salvaterra de Miño.



Música e cor nos disfraces en Ponteareas.

AREAL MADEIRAS



986 64 25 95 - 626 686 277
arealmadeiras@gmail.com
arealmadeiras.com

SOLUCIÓNS EN MADEIRAS E DERIVADOS

acero+
imprensa · publicidade · web



A túa imprenta textil



604 08 43 68
PONTEAREAS
www.aceroplusdigital.com

GLITTER



Tu tienda especializada en
PATINES
ACCESORIOS, RECAMBIOS
Y COMPLEMENTOS
MALLAS, BAÑADORES, DANZA, etc.

C/ Virgen de Los Remedios, 16
PONTEAREAS Tif. 986 17 78 63
glittercb2016@gmail.com 645 38 96 68

Vigo segue firme para ser sede do Mundial 2030

O Concello de Vigo ameazou con denunciar á Real Federación Española de Fútbol (RFEF) ante a FIFA pola súa presunta "falta de transparencia" para que o estadio de Balaídos sexa unha das sedes oficiais do Mundial 2030. O concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes e segundo Tenente de Alcalde, Javier Pardo, esixiu á RFEF "que traslade á FIFA o proxecto de sede de Vigo trala renuncia de Málaga" para poder así "completar o listado de once sedes oficiais" para o Mundial 2030.

O pulso pola sede viguesa chegou incluso á celebración do Entroido 2026 na cidade olívica, a



través dun meco coas fotos de Rafael Louzán, presidente da RFEF, e Alfonso Rueda, presidente da Xunta, acusado dende o Concello

de preferir a sede para a coruñesa Riazor. O meco incluía unha mensaxe reivindicativa para que Vigo sexa sede do Mundial.

PSdeG: "A Xunta engana coa dedución polo material escolar"

O deputado socialista Aitor Bouza, responsable da área de Educación do Grupo Socialista no Parlamento de Galicia, acusou ao presidente da Xunta, Alfonso Rueda, de xerar falsas expectativas entre as familias galegas ao anunciar unha

dedución polo material escolar que poderían beneficiar a 60.000 alumnos e alumnas sen aclarar que os gastos pagados en efectivo non son válidos para desgravar, mesmo cando se dispón de factura.

Bouza destacou que moitas fa-

mílias actuaron de boa fe, pediron factura e pagaron en efectivo porque é unha práctica habitual, especialmente no rural ou en fogares con menos recursos. "Agora a Xunta dilles que quedan fóra, non por incumprir, senón por non teren sido informadas", engadiu.

Destino Rías Baixas e Visit Río Miño en Lisboa

A Deputación de Pontevedra participou na Feira Internacional de Turismo de Lisboa (BTL) para promover a internacionalización do destino Rías Baixas, destacando os sectores deportivo, cultural e patrimonial, natureza, enoturismo, gastronomía e Camiño de San-

tiago. Ao longo do ano a Deputación estará igualmente presente en diversas feiras internacionais e nacionais en Berlín, A Coruña, Barakaldo, Silleda, Southampton, Londres, Ourense, Valladolid e Barcelona.

Por outra banda, a AECT Río Miño e Turismo do Porto e Norte

de Portugal tamén estiveron presentes na BTL de Lisboa para promover o proxecto Visit Río Miño Plus, reforzando a cooperación institucional entre as dúas entidades na afirmación do Río Miño como destino turístico transfronteirizo de referencia.

O IES Castelao de Vigo, premio Letras Galegas 2026

A Xunta informou que o IES Castelao de Vigo foi galardonado co Premio das Letras Galegas 2026 pola súa exposición "De Circe a Morgana"

adicada á figura da escritora e xornalista Begoña Caamaño, honrada este ano co Día das Letras Galegas.

Vigo lidera en turismo e aumenta habitantes

Segundo datos do INE medidos a través de telefonía móbil, Vigo lidera como a cidade galega con maior número de visitantes en 2025, na que destacou tamén na recepción de turistas estranxeiros de Portugal, Francia, Alemaña, Países Baixos e EEUU, entre outros, se-

gundo informou o Alcalde Abel Caballero.

Así mesmo, Caballero indicou que Vigo aumentou o número de habitantes empadronados ata chegar ás 304.136 persoas, "case 2.000 persoas máis que ao peche do ano 2025".

En defensa da agrogandería rexenerativa

A portavoz socialista de Medio Rural no Parlamento galego, Lara Méndez, defendeu no pleno da Cámara autónoma o modelo de agrogandería rexenerativa como resposta a moitos dos "retos estruturais de enorme magnitude" que enfrenta o sector primario galego, como son o cambio climático, a perda de rendibilidade das explota-

cións, o despoboamento, a degradación dos solos, a dependencia crecente de insumos externos e unha competencia internacional "cada vez máis intensa". Destacou que o Goberno de España xa está a impulsar en Galicia e Cataluña, proxectos piloto cun investimento que supera os 100.000€ en formación e intercambio de coñecemento.

A Deputación pide a dimisión do ministro Óscar Puente

Coa maioría absoluta do PP, o pleno da Deputación solicitou a dimisión do ministro de Transportes e Mobilidade Sostible, Óscar Puente, argumentado o seu "castigo" á provincia de Pontevedra. O PSOE votou en contra contando coa

abstención do BNG.

Entre as razóns desta petición están o retraso na Saída Sur ferroviaria cara Portugal, postergada candomenos ata o 2038, e a falta de investimentos en infraestruturas viarias.

Servizos técnicos forestais e obra do rural



Azorín, 9 Estudio - 36860 PONTEAREAS
Tlef. 986 078 071

RESTAURANTE *Pizzeria* **SAN MARTÍN**
desde 1934



Avda. Ciclista Delio Rodríguez, 10
36860 PONTEAREAS
sanmartinrestaurante@gmail.com
Telf.: 986 640 211
Móvil: 629 614 508